



INFORME DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS DE LUGO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL EN RELACIÓN COA SOLICITUDE PRESENTADA POR D. MIGUEL ANGEL FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, EN REPRESENTACIÓN DE TITULARES DE EXPLOTACIÓN DA PARROQUIA DE RETIZOS, CONCELLO DE BALEIRA

AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS

1. ANTECEDENTES

Con data 27 de xaneiro de 2006 foi presentada unha solicitude de concentración parcelaria ao abeiro da Lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, para a parroquia de Retizós, Concello de Baleira. A solicitude acompañábase das sinaturas de 51 propietarios. A zona denominouse Retizós, número 270245.

Con data 7 de febreiro de 2017 recíbese neste Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo unha nova solicitude, esta vez de reestruturación parcelaria de carácter público, amparados na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Acompañan a solicitude 6 sinaturas de titulares de explotación identificados co seu código CEA e 16 persoas propietarias da zona obxecto de avaliación.

Á data de emisión do presente informe foron elaborados polo Servizo de Infraestruturas Agrarias os seguintes traballos previos:

- ST-5158: Proxecto de colaboración de servizos técnicos para a elaboración do documento ambiental da zona de reestruturación parcelaria de Retizós, cofinanciado nun 75 % por fondos FEADER, no período 2014-2020 dentro da medida 4.3. Orzamento de adxudicación: 10.875,69 €, elaborado no período 2017-2019 pola empresa SORTEGAL.

Recibíronse informes sectoriais de organismos competentes e conta con Declaración de Impacto Ambiental - ANUNCIO do 23 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto de zona de reestruturación parcelaria de Retizós, no concello de Baleira (Lugo) (expediente 2022/0008), publicado no DOG número 69 do 8 de abril de 2022 e que pode ser consultada na páxina web da Consellería do Medio Rural no seguinte enlace web:

https://ovmediorural.xunta.gal/sites/w_ovmru/files/declaracions_impacto_ambiental/3_DIA_Retizos.pdf

2. DATOS XERAIS DO CONCELLO DE BALEIRA

O Concello de Baleira pertence á provincia de Lugo, máis concretamente á Comarca da Fonsagrada. Sitúase a 32 km da capital da provincia e capital do concello é O Cádavo. Ten unha extensión de 168,2 km², distribuídos en 12 parroquias: Braña, Córneas, Cubilledo, Degolada, Esperela, Fontaneira, Fonteio, Lastra, Librán, Martín, Pousada e Retizós.





Limita polo norte cos concellos de Pol e Ribeira de Piquín; polo leste, cos concellos da Fonsagrada e Navia de Suarna; polo sur cos concellos de Becerreá e Baralla e polo oeste, cos concellos de Pol e Castroverde.

Conta con 1.158 habitantes segundo o Padrón Municipal de Habitantes do ano 2022, 625 homes e 533 mulleres.

En termos urbanísticos, o Concello de Baleira conta con normas subsidiarias de planeamento aprobadas definitivamente o 14 de xullo de 1988, publicadas no BOP do 19 de xaneiro de 1990. Segundo o establecido na disposición transitoria 1ª da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, nos municipios sen planeamento xeral ou non adaptado, aplicarase o réxime de solo rústico establecido nesta lei.

3. ANÁLISE DA ZONA OBXECTO DE ESTUDO

A zona a reestruturar está comprendida dentro do termo municipal de Baleira, concretamente na parroquia de Santa María Madanela de Retizós.

Os límites da zona de estudo son os seguintes:

- Norte: Parroquias de Santiago de Milleiros do concello de Pol e Santiago de Martín no concello de Baleira.
- Sur: Parroquia de San Miguel de A Braña, reestruturada en parte (concello de Baleira).
- Leste: Santiago de Martín no concello de Baleira.
- Oeste: Parroquias de San Martín de Caraño do concello de Pol (parroquia reestruturada) e San Cibrao de Montecubeiro do concello de Castroverde (parroquia reestruturada).


A poboación (INE, 2022) é de 68 habitantes na parroquia de Retizós, dos cales 40 son homes e 28 mulleres.

A superficie do ámbito de actuación é de 775,38 ha, nas cales se contabilizan un total de 1661 parcelas catastrais, cunha superficie total de 755,42 ha e 178 titulares, sen ter en conta edificacións nin viario. Tendo en conta estes datos, extraídos da Dirección Xeral de Catastro, a superficie media por parcela ascende a 4.547,69 m² e o número medio de parcelas por propietario ascende a 9,33.

Da superficie inicial propónse a exclusión de 192,38 ha correspondentes ao ZEC "A Marronda", sendo polo tanto a superficie a reestruturar de 583 ha. Con estes valores, o número de parcelas ascende a 1.553 pertencentes a 167 titulares, cunha superficie media por parcela de 3.640,85 m² e 9,30 parcelas por propietario.

Do estudo de campo con apoio de ortofotografía realizado, extraíense as seguintes superficies:





No tocante ás masas de frondosas autóctonas, na súa meirande parte están protexidas polo ZEC "A Marronda".





4. CARGAS GANDEIRAS

Na zona obxecto de estudo, en número de explotacións, o orientación predominante é o vacún, principalmente de leite. A solicitude presentada inclúe sinaturas de titulares de explotación de vacún identificados polo seu código CEA, así como de propietarios de terras.

Para continuar co criterio establecido na análise doutras parroquias, aquí considéranse aquelas explotacións incluídas nas campañas de saneamento gandeiro (vacún de leite e de carne e pequenos ruminantes), pola súa dimensión e posible orientación de mercado, deixando fora por tanto as orientacións produtivas minoritarias (porcino, apicultura, equino) ou non vinculadas a base territorial.

En total na parroquia de Retizós hai censadas 7 explotacións, das cales 6 son de vacún de leite e 1 de carne, sendo o seu tamaño moi variable, e unha delas actualmente sen censo.

Consultados datos do Servizo de Gandería de Lugo para as campañas de saneamento 2023, compróbase que as sinaturas presentadas correspóndense con explotacións de vacún, agás unha que corresponde a unha explotación de ovino/cabrún.

Táboa 1: Explotacións de vacún

LUGAR	N.º Explotacións totais	N.º Explotacións con censo	N.º Explotacións asinantes	%*
Retizós	7 **	6	5	83,3 %
Vacún de leite	6	5	4	80 %
Vacún de carne	1	1	1	100 %

* As porcentaxes calcúlanse sobre as explotacións que á data de emisión do informe presentan censo.

** Unha das explotacións é de nova creación, con data de alta no ano 2022, logo da presentación da solicitude de avaliación do cumprimento dos requisitos xerais.

Táboa 2: Censos de vacún

Parámetro	Tipoloxía	Censo	Censo explotacións asinantes	Porcentaxe	Censo medio/ Explotación asinante
Censos vacún >24 meses	Retizós	154	138	89,61 %	27,6
	Vacún de leite	150	134	89,33 %	26,8 (variable 44-16)
	Vacún de carne	4	4	100 %	4
Censos totais	Retizós	236	212	89,83 %	42,4
	Vacún de leite	231	207	89,61 %	41,4 (variable 72-24)
	Vacún de carne	5	5	100 %	5






As UGM totais ascenden a 198,8, se consideramos os valores de 1 UGM para o vacún de máis de 24 meses; 0,6 UGM para animais entre 6-24 meses e 0,4 UGM para animais de menos de 6 meses. A superficie agraria recollida na táboa anterior ascende a 140 ha, polo que a carga gandeira estaría en torno ás 1,42 UGM/ha.

Consultados os datos de parcelas declaradas na PAC, obsérvase que a zona central da parroquia correspondente ás terras de con aptitude agraria están sendo traballadas e declaradas.

5. EXPERIENCIAS PREVIAS DE REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD

No Concello de Baleira leváronse a cabo 5 procesos de concentración parcelaria, ocupando a superficie concentrada un 22% da superficie total do Concello.

Nome	N.º zona	Superficie (ha)	N.º propietarios	N.º parcelas	N.º fincas	Estado
Librán	270041350	905	266	2401	569	Rematada
Pousada	270041360	1210	177	2925	490	Rematada
A Braña	270041370	229	86	730	181	Rematada
Fonteo	270041380	147	117	544	193	Rematada
Esperela	270041510	1193	230	1907	548	Rematada



Fonte: web


A execución da reestruturación parcelaria na parroquia de Retizós permitiría darlle continuidade ao movemento concentrador no val, xa que quedaría practicamente





rematado, enlazando ademais polo vento norte con Caraño (Concello de Pol) e polo Sur con Camporredondo (Concello de Baralla), parroquias que tamén teñen realizada a concentración parcelaria anos atrás.

Na seguinte imaxe extraída do visor de parcelaria da Xunta de Galicia (<https://mapas.xunta.gal/visores/parcelaria/>) aprécianse as zonas rematadas e en proceso:



6. CONSULTA ABERTA A TODAS AS PERSOAS INTERESADAS

Co fin de dar cumprimento ao artigo 7.4 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, a Consellería do Medio Rural publicou unha consulta





aberta a todas as persoas físicas e/ou xurídicas interesadas coa finalidade de coñecer a súa opinión sobre a iniciativa e propostas de mellora.

Para tal fin, con data 2 de xuño de 2023 realizouse unha consulta pública na páxina web da Consellería do Medio Rural e habilitouse un correo electrónico (infraestructurasagrarias.mr@xunta.gal) para que calquera persoa interesada puidera enviar as súas opinións e achegas sobre a iniciativa ou propostas de mellora.

O dito prazo finalizou o 30 de xullo de 2023 sen que ata a data se teña recibido suxestión, queixa ou proposta para ser incluída no presente informe.

7. VIABILIDADE DO PROXECTO

Dos datos avaliados pódese deducir que a reestruturación parcelaria é desexada pola maioría dos titulares de explotacións de vacún, sexan estas de leite ou de carne, coa salvedade antes comentada da existencia dunha nova explotación de alta dende o ano 2022 e por tanto, posteriormente á presentación da solicitude.

Dende un punto de vista técnico, o proxecto é viable cumprindo as indicacións recollidas na Declaración de Impacto Ambiental. Non existen limitacións importantes dende un punto de vista patrimonial ou ambiental, considerando que se propón a exclusión do ZEC A Marronda, e que os terreos obxecto do proceso poden ter un uso agrícola axeitado sendo susceptibles da posta en cultivo de parte dos terreos en estado de abandono ou infrautilización.

8. CONCLUSIÓN

- Existen deficiencias estruturais nas explotacións agrarias situadas na zona de actuación que inciden negativamente na súa viabilidade técnico-económica e que poden ser corrixidas mediante un proceso de mellora da estrutura territorial agraria.
- Na zona hai actividade agraria e existen profesionais agrarios que adican as súas producións á comercialización.
- O interese das persoas titulares constátase xa na solicitude inicial, do ano 2006, solicitada pola maioría das persoas propietarias, polo que se supón un grao de aceptación positivo. Na nova solicitude do ano 217 referida aos titulares de explotación renóvase a aceptación social sendo posible, de ser o caso, a determinación dun perímetro na fase de bases onde se exclúan aquelas zonas onde non se desexe participar no proceso.
- É unha zona dinámica, o que permite maximizar o efecto dos procedementos de mellora.
- Da avaliación ambiental dedúcese que o proceso non repercutiría negativamente, adaptándose ás directrices publicadas.
- Rematada a zona espérase mitigar os efectos do cambio climático mediante a diminución de CO₂, debido aos menores desprazamentos e técnicas de cultivo menos impactantes, así como diminuír o número e intensidade dos incendios





forestais mediante a creación de infraestruturas, recuperación de terras actualmente en abandono ou improdutivas e un uso do territorio máis rendible.

Lugo, na data da sinatura dixital

A xefa do servizo

María Pérez Folgueira

